

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
CELEBRADA O DÍA 12 DE ABRIL DE 2012.**

Na Casa do Concello de Silleda, sendo as **TRECE HORAS E CUARENTA E CINCO MINUTOS** do día **DOCE DE ABRIL DE DOUS MIL DOCE**, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa **D^a. PAULA FERNANDEZ PENA**, reúnese a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria, coa asistencia dos tenentes de Alcalde **D^o MANUEL CUIÑA FERNANDEZ** e **D^o MATÍAS RODRÍGUEZ DA TORRE** e os concelleiros **D^o ANTONIO COUSO ÁLVAREZ** e **D^o KLAUS BREY MONTAÑA** e da Secretaria da Corporación **CRISTINA ALONSO LOSADA**, que suscribe e da fe.

Interventora do Concello: Non asiste.

A Sra. Alcaldesa declara aberta a sesión, da cal non hai convocatoria asinada da orde do día pola Alcaldesa, por haber sido convocada verbalmente pola Alcaldía.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DÍA:

Segundo o establecido nos artigos 82, 83, 91.4º e 113 do RD 2568/86 R.O.F. por unanimidade dos membros presentes, a Xunta de Goberno Local acorda tratar na sesión por motivo de urxencia os seguintes asuntos non incluídos na orde do día, que declaran urxentes:

- 1.- **Escrito de Explotación Minera de Campomarzo S.A. remitindo informe mensual de residuo depositados no vertedoiro de RCD nos meses de agosto e setembro do 2011.**

A Alcaldesa da conta do escrito remitido por Explotación Minera de Campomarzo S.A., de data 20 de outubro de 2011, Rexistro de Entrada nº 5408 de data 12 de decembro de 2011, remitindo informe mensual dos residuos depositados no vertedoiro de RCD durante os meses de agosto e setembro do 2011, ascendendo as toneladas depositadas no período de agosto de 2011 a 3.910,45 Tm e no período de setembro de 2011 a 2.957,53 Tm.

A Xunta de Goberno Local queda enterada

- 2.- **Proposta de Convenio entre o Concello de Silleda e D^o Jesús Penela Montoto, D^a María Luisa Penela Montoto e D^a María de**

los Ángeles Penela Montoto para cesión de uso de solar (do espacio sen edificar do solar) como aparcadoiro público.

A Alcaldesa da conta de proposta de Alcaldía do texto do convenio a asinar entre o Concello de Silleda e D^o Jesús Penela Montoto, D^a María Luisa Penela Montoto e D^a María de los Ángeles Penela Montoto para cesión de uso do espazo sen edificar de finca urbana, sita na rúa Cartagena, n^o 17 en Silleda, con unha superficie total de 694 metros cadrados, das que 178 metros cadrados son construídos, con referencia catastral 1979308NH6217N0001JD, como aparcadoiro público.

O texto do convenio, sin asinar, dí literalmente:

“En Silleda, a día 9 de Abril de 2012

REUNIDOS

Dunha parte, DONA PAULA FERNÁNDEZ PENA, en calidade de Alcaldesa-Presidenta do Concello de Silleda, en posesión de DNI n^o 76.813.151M


Doutra parte, DON JESÚS PENELA MONTOTO, maior de idade, casado, veciño de Silleda, con domicilio en Rúa Cartagena, 15, en posesión de DNI n^o 76.796.663P, DONA MARÍA LUISA PENELA MONTOTO, maior de idade, casada, veciña de Teo, con domicilio en Urbanización Os Tilos, Rúa Buxos, n^o 5-1^a, en posesión de DNI n^o 76.798.502F, e DONA MARÍA DE LOS ÁNGELES PENELA MONTOTO, maior de idade, casada, veciña de Lalín, con domicilio en Rúa Principal n^o 17-2^a, en posesión de DNI n^o 76.799.910N

Ambas as dúas partes recoñécense mutuamente capacidade abonda para suscribir o presente documento, a primeira, na representación que ostenta, e os demais no seu propio nome, e a tal fin

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- *DON JESÚS PENELA MONTOTO, DONA MARÍA LUISA PENELA MONTOTO, e DONA MARÍA DE LOS ÁNGELES PENELA MONTOTO son titulares, en proindiviso, da seguinte finca: Urbana, sita na Rúa Cartagena, n^o 17 en Silleda-Pontevedra, con unha superficie total de 694 metros cuadrados, das que 178 metros cuadrados son construídos. Ten como referencia catastral a seguinte: 1979308NH6217N0001JD.*

O referido inmovible conta con entrada á superficie non edificada a través dunha cancela á que se accede dende a rúa Cartagena



SEGUNDO.- *Que é intención dos suscribintes levar a cabo a cesión de uso -do espazo sen edificar do referido solar- como aparcadoiro público, no que o Concello, coa autorización expresa dos propietarios, manifestada neste acto, poderá realizar as obras de acondicionamento para o referido fin; todo elo segundo as seguintes*

ESTIPULACIÓNS

PRIMEIRA.- *A cesión de uso do terreo referido terá unha duración mínima de un ano, prorrogándose por períodos de igual tempo.*

SEGUNDA.- *O Concello de Silleda asume as seguintes obrigas:*

1) Soamente poderá destinar este solar ao uso recollido no segundo dos expoñendos deste contrato.

2) Executará a súa costa tódalas actuacións necesarias para adecuar, acondicionar e manter o solar para o fin que se pretende, demolendo o muro de peche de acceso á Rúa Cartagena, así como quitando a cancela que limita coa referida Rúa; executando un peche na parte traseira da vivenda donde a día de hoxe existe unha viña, que será retirada (coa única finalidade de impedir o acceso á vivenda por parte dos usuarios do aparcadoiro), e acondicionando o terreo de tal maneira que se evite co seu uso levantamento de terra e po.

3) Igualmente o Concello de Silleda, en contraprestación a cesión de uso, retellará un pequeno galpón da propiedade que se sinala na consulta descriptiva e gráfica dos datos catastrais que se acompaña, asinada por todos os interventores.

4) O Concello de Silleda será o único responsable a tódolos efectos legais do establecemento, xestión e mantemento deste servizo público sen que os propietarios teñan responsabilidade algunha, nin contractual nin extracontractual fronte ó Concello nin fronte a terceiros usuarios do aparcadoiro, comprometéndose o Concello a contratar unha póliza de responsabilidade civil para facer fronte ás eventuais incidencias que se deriven dese uso público.

5) O Concello de Silleda non adquire dereito algún sobre o terreno cedido, estando obrigado a deixar o terreo baleiro, expedito e a disposición dos titulares no prazo dun mes, unha vez que os propietarios poñan en coñecemento do Concello por escrito, a súa vontade de non formalizar prórroga, igualmente cun mes de antelación á expiración do contrato ou dunha das súas prórrogas. O terreo será entregado polo Concello no mesmo estado no que o recibe, a salvo que o Concello e dentro do pactado, realízase algunha obra de acondicionamento, e os propietarios

quixeran aproveitar ditas obras, o que poñerán en coñecemento por escrito ao Concello.

Quedan en todo caso facultados os propietarios para entrar na posesión do terreo cedido a partir do prazo dun mes dende a anterior notificación realizada ao Concello. No suposto de que, transcurrido o prazo dun mes do requerimento de entrega, o solar estivese ocupado por calquera tipo de obxecto, vehículo ou bens mobles, os propietarios quedan facultados para apropiarse dos mesmos, o no seu caso o seu traslado e depósito, sendo neste último caso de cargo do Concello os gastos de traslado e depósito de ditos obxectos.

TERCEIRA.- A únicas obrigas dos propietarios serán permitir que o Concello de Silleda destine o terreo da súa propiedade como aparcadoiro, e que coa súa autorización, o concello poida realizar cantas actuacións sexan necesarias para o acondicionamento, xestión e mantemento do mesmo, así como a comunicar por escrito e con un mes de antelación á expiración do contrato.

E para que así conste, asínase o presente documento en dous exemplares e no lugar e data sinalados no seu encabezamento.

Asdo. Paula Fernández Pena
ALCALDESA

Asdo. Jesus Penela Montoto
COPROPIETARIO

Asdo. María Luisa Penela Montoto
COPROPIETARIA

Asdo. M^a Angeles Penela Montoto
COPROPIETARIA."


A Xunta de Goberno Local queda enterada

3.- Escritos da Deputación Provincial de Pontevedra:

3.1.- Escrito sobre o investimento núm. 2009002415 denominado "Mellora de camiños: Rellas, Dornelas, Piñeiro, Grava, Moalde, Cira, Escuadro e Parada".

A Alcaldesa da conta da comunicación do Secretario da Deputación Provincial de Pontevedra, de 03 de abril de 2012, sobre a resolución da presidencia da Deputación Provincial de Pontevedra, (Rexistro de Saida da Deputación Provincial do 04 de abril de 2012, nº 004071, Rexistro de Entrada no Concello nº 1918, de data 11 de abril de 2012), que transcribese a continuación:

"Conforme o previsto na base décimo sexta do Plan de Investimentos da Deputación



de Pontevedra 2009-2011 RESOLVO entregarlle o investimento núm. 2009002415, denominado "Mellora de camiños: Rellas, Dornelas, Piñeiro, Grava, Moalde, Cira, Escuadro e Parada", que recibiu esta Deputación na data 30/06/2011, ó Concello de "Silleda" para que quede a súa disposición e coidado, correndo ó seu cargo a conservación e mantemento. Deste acto redactarase a correspondente acta de entrega material. O investimento entrégase en perfectas condicións para que poida utilizarse para o seu fin e poñerse en servizo ó público.

Co acto de entrega darase por pagada a subvención deste investimento, ó mesmo tempo que se incorporará ó correspondente inventario xeral de bens e dereitos do concello, dándose de baixa no inmovilizado da Deputación.

O que lle traslado para o seu coñecemento, cumprimento e demais efectos.

*Pontevedra, 03 de abril de 2012
O Secretario*

Contra es a resolución que pon fin á vía administrativa poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditou, no prazo dun mes a partir do día seguinte ó desta notificación (artigos 107 e 117 da Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, de 13 de xaneiro), ou ben, directamente o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Pontevedra segundo o disposto no artigo 8 da Lei 29/1998, de 13 de xullo Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, no prazo establecido no artigo 46 da citada Lei).


Todo isto len prexuízo de que poida utilizar calquera outro recurso que estime pertinente."

A Xunta de Goberno Local queda enterada desta resolución.

3.2.- Escrito sobre o investimento núm. 2009002417 denominado "Campo da festa de Grava".

A Alcaldesa da conta da comunicación do Secretario da Deputación Provincial de Pontevedra, de 03 de abril de 2012, sobre a resolución da presidencia da Deputación Provincial de Pontevedra, (Rexistro de Saida da Deputación Provincial do 04 de abril de 2012, nº 004095, Rexistro de Entrada no Concello nº 1917, de data 11 de abril de 2012), que transcríbese a continuación:

"Conforme o previsto na base décimo sexta do Plan de Investimentos da Deputación



de Pontevedra 2009-2011 RESOLVO entregarlle o investimento núm. 2009002417, denominado "Campo da festa de Grava", que recibiu esta Deputación na data 06/05/2011, ó Concello de "Silleda" para que quede a súa disposición e coidado, correndo ó seu cargo a conservación e mantemento. Deste acto redactarase a correspondente acta de entrega material. O investimento entrégase en perfectas condicións para que poida utilizarse para o seu fin e poñerse en servizo ó público.

Co acto de entrega darase por pagada a subvención deste investimento, ó mesmo tempo que se incorporará ó correspondente inventario xeral de bens e dereitos do concello, dándose de baixa no inmovilizado da Deputación.

O que lle traslado para o seu coñecemento, cumprimento e demais efectos.

Pontevedra, 03 de abril de 2012
O Secretario

Contra es a resolución que pon fin á vía administrativa poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditou, no prazo dun mes a partir do día seguinte ó desta notificación (artigos 107 e 117 da Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, de 13 de xaneiro), ou ben, directamente o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Pontevedra segundo o disposto no artigo 8 da Lei 29/1998, de 13 de xullo Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, no prazo establecido no artigo 46 da citada Lei).


Todo isto len prexuízo de que poida utilizar calquera outro recurso que estime pertinente."

A Xunta de Goberno Local queda enterada desta resolución.

4.- Servizo de Axuda no Fogar.

Dase conta das solicitudes de María del Carmen Carballo Silva, en calidade de Traballadora Social do Concello de Silleda, ambas de data 12 de abril de 2012, de aprobación da baixa no SAF de:

Nome a Apelido	Enderezo	Motivo da baixa
Restituto Mahía Neira	Manduas, 5 Bandeira	Traslado a praza sociosanitaria



Carmen Rey Beis

República Argentina,
11-2ºB

Traslado a residencia

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos membros presentes, acorda a aprobación destas baixas.

5.- Licenza de Actividade Definitiva. Manuel García Montoto, en representación de S.A.T. "OS HERDEIROS".

De acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, a **Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes acorda:**

Licencia Nº 181/01. Visto o expediente instruído a instancia de Manuel García Montoto, que actúa en nome e representación da S.A.T. OS HERDEIROS solicitando licenza municipal para instalar unha actividade de silo para forraxe, a situar na finca nº 275 do plano de concentración parcelaria de Laro-Parada, denominada Muiño do Vento, na parroquia de Laro (Silleda).

Visto que, pola Xunta de Goberno Local, en sesión do 04 de maio de 2001 acorda:

"4.1.4.- Licencia Nº 181/01. Visto o expediente instruído a instancia de D. MANUEL GARCÍA MONTOTO, que actúa en nome e representación da S.A.T. OS HERDEIROS, que solicita a regulamentaria licenza municipal para instalar unha actividade de silo para forraxe, a situar na finca nº 275 do plano de concentración parcelaria de Laro-Parada, denominada Muiño do Vento, na parroquia de Laro (Silleda).

RESULTANDO: Que admitido a trámite, procedeuse a realizar información pública co resultado que consta, incorporando os preceptivos informes técnicos e da Corporación Municipal.

RESULTANDO: Que elevado á Comisión Provincial de Medio Ambiente, este Organismo, con data 19 de abril de 2001, rexistro de entrada 975, de data 24 de abril de 2001, informa en sentido favorable, calificando dita actividade como molesta S.C.D., e dende o punto de vista ambiental, condiciónase a súa instalación ao cumprimento dos seguintes requisitos:

- a) O cumprimento das Medidas Correctoras propostas en planos memoria.*
- b) A que a ubicación sexa a sinalada no proxecto.*

c) Ó cumprimento das distancias mínimas segundo proxecto.

RESULTANDO: Que o lugar de emprazamento non está en contradición coas Ordenanzas e acordos municipais sobre o particular.

CONSIDERANDO: Que na tramitación deste expediente observáronse as prescripcions legais.

Esta Comisión de Goberno, por unanimidade, ACORDA A CONCESION PROVISIONAL da licenza solicitada, debendo cumprirse as observacións e medidas correctoras que, no seu informe, sinala dita Comisión Provincial, non podendo comezar a exercerse a mencionada actividade ata tanto non se conceda a licenza definitiva, para o que será indispensable que se teña levantado acta de comprobación, que o interesado deberá solicitar a este Concello, a cal terá que ser favorable, achegando á petición certificado do técnico director das obras ou instalacións no que se especifique a conformidade das mesmas cos términos desta licenza; debendo ingresarse, previamente, nas arcas municipais a cantidade a que ascendan as taxas regulamentarias, según liquidación que practicará a Intervención municipal."

Vista a Acta de comprobación para o exercicio de actividades clasificadas, de data 09 de abril de 2012, asinada polo Arquitecto Asesor Técnico Municipal, Lino Manuel Doporto Framil e o titular da actividade, Manuel García Montoto (en representación de S.A.T. OS HERDEIROS), que literalmente di

"ACTA DE COMPROBACIÓN PARA O EXERCICIO DE ACTIVIDADES CLASIFICADAS"

Actividade: *"Instalación para un silo de forraxe a situar na parcela nº 275 do plano de Concentración parcelaria de Laro-Parada, denominada Muíño do Vento, na parroquia de Laro (Silleda)".*

Calificación: *Según escrito da Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente (rexistro de entrada no Concello nº 975 de data 24-abril-2001) a actividade califícase como MOLESTA S.C.D.*

Certificación *Según CERTIFICACIÓN FINAL DE OBRA do técnico redactor do PROXECTO e director da obra, Don. Francisco Pérez Donsión, Enxeñeiro Técnico Agrícola, de data 21-Marzo-2012, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas o día 22 de marzo de 2012, nº 105/12 (Po), e con ENTRADA no Concello de SILLEDÁ; Data: 26-marzo-2012.*



Núm. de rexistro: 1472

Titular da actividade: MANUEL GARCÍA MONTOTO, en representación de S.A.T. "Os Herdeiros".

No termo municipal de SILLEDA, persónanse ás 12:00 horas do día 03 de Abril do ano 2012, o Arquitecto Asesor Técnico, D. Lino Manuel Doporto Framil, na parcela nº 275 do plano de Concentración parcelaria de Laro-Parada, denominada Muiño do Vento, na parroquia de Laro (Silleda), en presenza de Don Manuel García Montoto, con D.N.I. 76.826.133-H, e efectúa a visita de comprobación demandada polo interesado en data 26-marzo-2012 e referida á licenza municipal nº 181/01 según COMISIÓN DE GOBERNO do día 04-maio-2001.

Procedese, en primeiro lugar, a comprobar se o emprazamento axustase ó proxecto aprobado, constando CERTIFICACIÓN DE FINALIZACIÓN DE OBRAS visado.

A continuación examinase si se adoptaron totalas medidas correctoras impostas na licenza e constátanse visualmente que as medidas correctoras foron adoptadas.

De todo isto resulta que **SI** pode iniciarse a actividade de "Instalación para un silo de forraxe a situar na parcela nº 275 do plano de Concentración parcelaria de Laro-Parada, denominada Muiño do Vento, na parroquia de Laro (Silleda)."

A Xunta de Goberno Local segundo o contido da Acta de comprobación acorda: a concesión de licenza de actividade definitiva (RAMINP) a S.A.T. OS HERDEIROS, para instalación de un silo de forraxe, a situar na finca nº 275 do plano de concentración parcelaria de Laro-Parada, denominada Muiño do Vento, na parroquia de Laro (Silleda).

6.- Licenza de Actividade. María Dolores González Arca.

De acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, **a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes acorda:**

Licenza Nº 1173-1174/05. Visto o expediente instruído a instancia de D^a M^a DOLORES GONZÁLEZ ARCA, solicitando Licenza para construción dunha fosa de xurro e dun cobertizo para o tanque de frío en explotación de gando vacum, e o acondicionamento interior (vestiarios, baños, oficinas e cuberta) de ganxa de gando porcino, a situar nas proximidades do núcleo rural do Burgo, parroquia de Cortegada

(Silleda).

Visto que, pola Xunta de Goberno Local, en sesión do 21 de maio de 2007
acorda:

"5.1.3.- Licencia N° 1173-1174/05. Visto o expediente instruído a instancia de D^a M^a DOLORES GONZÁLEZ ARCA, solicitando Licencia para construción dunha fosa de xurro e dun cobertizo para o tanque de frío en explotación de gando vacún, e o acondicionamento interior (vestiarios, baños, oficinas e cuberta) de ganxa de gando porcino, a situar nas proximidades do núcleo rural do Burgo, parroquia de Cortegada (Silleda).


RESULTANDO: Que admitido a trámite, procedeuse a realizar información pública co resultado que consta, incorporando os preceptivos informes técnicos e da Corporación Municipal.

RESULTANDO: Que elevado á Comisión Provincial de Medio Ambiente, este Organismo, con data 14 de febreiro de 2007, (Rexistro de Entrada n° 782, de data 23 de febreiro de 2007) informa en sentido favorable, cualificando a actividade de ampliación de explotación de gando vacún como Molesta, Insalubre e Nociva, CD. 012.43, e dende o punto de vista ambiental, condiciónase a súa instalación ó cumprimento dos seguintes requisitos:

- a) O cumprimento das Medidas Correctoras propostas en planos e memoria.*
- b) A que o emprazamento sexa o sinalado no proxecto.*
- c) Ó cumprimento das distancias mínimas segundo proxecto.*
- d) No que atinxe a sala de muxido e leiterías terase en conta o RD 1679/1994 sobre condicións sanitarias aplicables á produción e comercialización de leite, modificado polo RD 402/1996 de 1 de marzo. A fosa de xurro deberá ser estanca e estar cercada, en ningún momento poderán existir vertidos directos no medio natural.*

A actividade de ampliación de explotación de gando porcino cualifícase como Molesta, Insalubre e Nociva, CD. 012.43, e dende o punto de vista ambiental, condiciónase a súa instalación ó cumprimento dos seguintes requisitos:

- a) O cumprimento das Medidas Correctoras propostas en planos e memoria.*
- b) A que o emprazamento sexa o sinalado no proxecto.*
- c) Ó cumprimento das distancias mínimas segundo proxecto.*
- d) A fosa de xurro deberá ser estanca e impermeable, en ningún momento poderán existir vertidos directos no medio natural, estará cuberta e cercada como indica o proxecto. Non se utilizarán en ningún caso o fosa de cadáveres para tal fin segundo o regulamento Ce 1774/2002, do Parlamento Europeo e do Consello polo*



que se establecen as normas sanitarias aplicables ós subprodutos animais non destinados ó consumo humano, prohíbese o enterramento de animais mortos. Tódalas instalacións deberán cumprir os requisitos establecidos no RD 1135/2002, de 31 de outubro, relativo ás normas mínimas para a protección de porcos.

Para as dúas explotacións:


A utilización de esterco como fertilizante agrícola seguirá as indicacións do Código Galego de Boas Prácticas Agrarias, respectando as distancias mínimas e as cantidades máximas permitidas por Ha segundo o RD 261/1996 de 16 de febreiro de protección contra a contaminación producida por nitratos procedentes de fontes agrarias e o RD Lexislativo 1/2001, de 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da lei de augas. Os residuos que xeren en calquera actividade da explotación se xestionen con xestores autorizados, coa periodicidade que requira o correcto mantemento da instalación. Tal como se recolle na normativa vixente, atendendo a súa tipoloxía.

RESULTANDO: Que elevado á Dirección Xeral de Urbanismo, este Organismo, con data 21 de marzo de 2007, (Rexistro de Entrada nº 1496, de data 10 de abril de 2007) informa que:

“concédese autorización previa á concesión de licencia municipal, sinalando que, de conformidade co previsto no artigo 42.1e) da Lei 9/2002, a perso interesada fará constar no rexistro da propiedade, a vinculación da total superficie real do predio á construción e uso autorizados, expresando a indivisibilidade e as concretas limitacións ao uso e edificabilidade que a continuación se relacionan, e deberalle remitir ao Servizo de Urbanismo e Inspección Territorial de Pontevedra, antes do inicio das obras e implantación do uso, certificación do Rexistro da propiedade na que consten os seguintes extremos:

- | | |
|-----------------------------|---------------------------------------|
| - titular do predio: | Alfredo Aller Ferreiro |
| - superficie do predio: | 5.733 m. |
| - Ref. Catastral do predio: | 360520A178004350000RQ |
| - uso autorizado: | explotacións de gando vacún e porcino |
| - superficie edificable: | 138,77 m2. |
| - ocupación: | --- |
| - altura máxima: | 5,00 m. |
| - distancia a linderos: | 5,00 m. |
| - outras: | --- |

RESULTANDO: Que o lugar de emprazamento non está en contradición coas



Ordenanzas e acordos municipais sobre o particular.

CONSIDERANDO: Que na tramitación deste expediente observáronse as prescripci3ns legais.

Esta Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda a concesión da **licencia de obra solicitada, e a licencia provisional de actividade**, **CONDICIONADA** esta última ó cumprimento das observaci3ns e medidas correctoras que, no seu informe, sinala a Comisi3n Provincial de Medio Ambiente e Direcci3n Xeral de Urbanismo, non podendo comezar a exercerse a mencionada actividade ata tanto non se conceda a licencia definitiva de actividade, para o que será indispensable que se teña levantado acta de comprobaci3n, que o interesado deberá solicitar a este Concello, a cal terá que ser favorable, achegando á petici3n certificado do técnico director das obras ou instalaci3ns no que se especifique a conformidade das mesmas cos t3rminos desta licencia; debendo ingresarse, previamente, nas arcas municipais a cantidade a que ascendan as taxas regulamentarias, seg3n liquidaci3n que practicará a Intervenci3n municipal."


Vista a Acta de comprobaci3n para o exercicio de actividades clasificadas, de data 09 de abril de 2012, asinada polo Arquitecto Asesor Técnico Municipal, Lino Manuel Doporto Framil e o titular da actividade, M^a Dolores Gonz3lez Arca, que literalmente dí:

ACTA DE COMPROBACI3N PARA O EXERCICIO DE ACTIVIDADES CLASIFICADAS

Actividade: "Construcci3n dunha fosa de xurro e dun cobertizo para o tanque de frío en explotaci3n de gando vac3n, e o acondicionamento interior (vestiarios, ba3os, oficinas e cuberta) de granxa de gando porcino, a situar nas proximidades do lugar do Burgo, parroquia de Cortegada (Silleda)".

Calificaci3n: Seg3n escrito da Delegaci3n Provincial da Consellería de Medio Ambiente (registro de entrada no Concello n^o 782 de data 23-febreiro-2007) a actividade calificase como MOLESTA, INSALUBRE E NOCIVA C.D. 012.43.

Certificaci3n: Seg3n CERTIFICACI3N FINAL DE OBRA do técnico redactor do PROXECTO e director da obra, Don. José Pereiras S3nchez, Arquitecto Técnico, de data 11-setembro-2007, visado polo Colexio Oficial de Aparelladores e Arquitectos Técnicos o día 20 de Setembro de 2007, e con ENTRADA no Concello de SILLED A:
Data: 08-outubro-2007.



Núm. de rexistro: 4555 e 4556

Titular da actividade: MARIA DOLORES GONZALEZ ARCA.

No termo municipal de SILLEDA, persónanse ás 11:30 horas do día 03 de Abril do ano 2012, o Arquitecto Asesor Técnico, D. Lino Manuel Doporto Framil, atopándose nas proximidades do núcleo rural do Burgo, parroquia de Cortegada (Silleda), en presenza de Dona María Dolores González García, con D.N.I. 76.802.069-D, e efectúa a visita de comprobación demandada pola interesada en data 08-outubro-2007 e referida á licencia municipal nº 1173-1174/05 según XUNTA DE GOBERNO do día 21-Maio-2007.

Procedese, en primeiro lugar, a comprobar se o emprazamento se axusta ao proxecto aprobado, constando CERTIFICACIÓN DE FINALIZACIÓN DE OBRAS visado.

A continuación examínase si se adoptaron todas as medidas correctoras impostas na licencia e conséntanse visualmente que as medidas correctoras foron adoptadas.

De todo isto resulta que **SI** pode iniciarse a actividade de "Construcción dunha fosa de xurro e dun cobertizo para o tanque de frío en explotación de gando vacún, e o acondicionamento interior (vestiarios, baños, oficinas e cuberta) de granxa de gando porcino, a situar nas proximidades do lugar do Burgo, parroquia de Cortegada (Silleda)".

A Xunta de Goberno Local segundo o contido da Acta de comprobación acorda: a concesión de licencia de actividade definitiva (RAMINP) a MARÍA DOLORES GONZÁLEZ ARCA, para construción dunha fosa de xurro e dun cobertizo para o tanque de frío en explotación de gando vacún, e o acondicionamento interior (vestiarios, baños, oficinas e cuberta) de granxa de gando porcino, a situar nas proximidades do lugar do Burgo, parroquia de Cortegada (Silleda).

7.- **Licencia de Obra e de Actividade. Ricardo Taboada Ríos, en representación de CONSTRUCCIONES TABOADA Y CASTRO, S.L.**

De acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, **a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes acorda:**


Examinado o expediente promovido por D. Ricardo Taboada Ríos, en

representación de CONSTRUCCIONES TABOADA Y CASTRO, S.L., en virtude de instancia de data 19 de outubro de 2011, (Rexistro de Entrada no Concello nº 4535, de data 20 de outubro de 2011), solicitando Licencia para acondicionamento de vivenda existente para destinar a casa de turismo rural, situada no lugar de O Foxo, nº 22, parroquia de Silleda, referencia catastral 36052K503052970000EK, segundo proxecto básico e de execución do Arquitecto Dº José Luis Rodríguez González, visado polo Colexio Oficial o 14 de outubro de 2011, nº 1108186.1, e con oficio de dirección do arquitecto redactor do proxecto, visado polo Colexio Oficial 14 de outubro de 2011, nº 1108186.2

Visto que con data 29 de decembro de 2011, Juan Carlos Peteiro Rodríguez emite informe xurídico manifestado conformidade co informe do arquitecto asesor técnico do Concello, Lino Manuel Doporto Framil, de data 29 de decembro de 2011.

Visto que con data 29 de decembro de 2011, polo Arquitecto Asesor Técnico do Concello, Lino Manuel Doporto Framil, emítese informe no que se sinala:

<i>Solicitante</i>	Ricardo Taboada Ríos, en representación de CONSTRUCCIONES TABOADA Y CASTRO, S.L		
<i>Data de rexistro</i>	20/10/2011	Nº 4535	Data escrito: 19/10/2011
<i>Obra</i>	Maior		
<i>Emprazamento</i>	Lugar O Foxo, 22, Parroquia de Silleda, Pontevedra		
<i>Referencia Catastral</i>	36052K503052970000EK		
<i>Autor do Proxecto</i>	José Luis Rodríguez González, Arquitecto, col. 2897		
<i>Proxecto</i>	Básico e de execución. Visado polo Colexio Oficial o 14/10/2011, nº 1108186.1		
<i>Dirección de Obra</i>	José Luis Rodríguez González		
<i>Oficio de Dirección</i>	Visado polo Colexio Oficial o 14/10/2011, nº 1108186.2		
<i>Dirección de Execución</i>	n/d		
<i>Oficio Direc. Execución</i>	n/d		
<i>Exposición pública</i>	BOP		
	DOGA		



Prensa Sí

Orzamento (P.E.M.) **6.915,33 €**

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- 1.1 TRLS/2008 (RDLex. 2/2008, do 20 de xuño, Texto Refundido da Lei do Solo).
- 1.2 LOUGA (L.9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación urbanística e Protección do medio rural de Galicia).
- 1.3 Lei 15/2004, da Lei 15/2004, do 29 de decembro
- 1.4 Lei 6/2007, do 11 de maio, de Medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia.
- 1.5 Lei 6/2008, do 19 de xuño, de medidas urxentes en vivenda e solo.
- 1.6 Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da L.9/2002
- 1.7 Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental.
- 1.8 RXU (D.3288/1978, do 25 de agosto, Regulamento de Xestión urbanística).
- 1.9 RPU (D.2159/1978, do 23 de xuño, Regulamento de Planeamento urbanístico).
- 1.10 Lei 8/1995, de 30 de outubro, de Patrimonio Cultural de Galicia.
- 1.11 Lei 16/1985, de 25 de xuño, Patrimonio Histórico español.
- 1.12 Decreto 199/1997, de 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica en Galicia.
- 1.13 Decreto 28 1999, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do solo de Galicia
- 1.14 R.D. 2187/1978, de 23 de junio de 1978. Reglamento de Disciplina Urbanística para desarrollo de Ley sobre Régimen del Suelo y Ordenación Urbana.
- 1.15 Planeamento do Concello de Silleda
 - 1.15.1 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda. Aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981.
 - 1.15.2 M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprob. def. o 22/10/1991
 - 1.15.3 M.P. PXOU na Zona Antiga Feira (apartados 2 e 3). A.def. o 11/05/1995
 - 1.15.4 M.P. PXOU en Bandeira, reduccion do ancho Rua Num 5 (apartado 2). A.def. o 11/05/1995
 - 1.15.5 M.P. PXOU na zona do Centro de Saude. A.def. o 07/03/2002
 - 1.15.6 M.P. PXOU na Ordenanza Reguladora do SUP (ART 78). A.def. o 07/03/2002
 - 1.15.7 M.P. PXOU na zona Feira Internacional. A.def. o 08/04/2002
 - 1.15.8 .P. Parque Empresarial Área 33. A.def. o 22/10/1981
 - 1.15.9 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial Área 33. A.def. o 07/03/2002
 - 1.15.10 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. A.def. o 27/03/2007
 - 1.15.11 E.D. Rua Butano. A.def. o 26/01/1984
 - 1.15.12 E.D. Calello da Feira. A.def. o 26/01/1984

1.15.13 E.D. Esquina Avenida do Parque. A.def. O 26/01/1984
1.16 Concordantes

ANTECEDENTES:

1. O día 20 de Outubro de 2011, R.E. 4523, Ricardo Taboada Ríos, en representación de CONSTRUCCIONES TABOADA Y CASTRO, S.L, presenta solicitude de licencia municipal de obra e de actividade para acondicionamento de vivenda existente para destinala a casa de turismo rural. Aporta das copias de proxecto básico e de execución, coas características que se sinalan no cadro.

2. Segundo se reflicte no punto 1.5 do proxecto "descripción", "la vivienda objeto de acondicionamiento para destinar a casa de turismo rural, se encuentra casi totalmente acondicionada para el desarrollo de la actividad pretendida; únicamente se prevé la ejecución de aseo adaptado en la planta semisótano vinculado a cafetería- ambigú, la instalación de un panel solar en cubierta existente, la instalación de las medidas contra incendios necesarias, y pintado de todas las dependencias.


Se mantiene la configuración espacial actual (volumen y distribución) de la vivienda.

INFORME TÉCNICO:

3. O solo onde se pretende a actividade encóntrase clasificado no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda, Aprob. def. o 4 de xuño de 1981, e pola Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2002, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, coas sucesivas modificacións, como Solo rústico.

4. A parcela conta con acceso rodado e tódolos servizos urbáns, por tanto, cumpre coa condición de soar que establece o art. 16 LOUGA.

5. O uso que se pretende, casa de turismo rural, encádrase no artigo 33.2.e da LOUGA "Construcións e rehabilitacións destinadas ó turismo rural e que sexan potenciadoras do medio onde se localicen". Neste ámbito de solo, segundo o art. 36 será necesaria a autorización autonómica, segundo o artigo 41 da mesma. Tamén, ao abeiro do artigo 40, "Edificacións existentes de carácter tradicional ou de singular valor arquitectónico. Permitirase en calquera categoría de solo rústico, logo da autorización autonómica segundo o procedemento establecido polo artigo 41, a reconstrución e rehabilitación das edificacións tradicionais ou de singular valor arquitectónico, que poderán ser destinadas a vivenda e usos residenciais, a actividades turísticas e artesanais ou a equipamentos de interese público. A reconstrución ou rehabilitación deberá respectar o volume edificable preexistente".



e a composición volumétrica orixinal.

6. Canto á tramitación ambiental, o Decreto 133/2008, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental, as casas de turismo rural encóntranse incluídas no Anexo III "Actividades excluídas do procedemento de avaliación de incidencia ambiental". Neste caso, segundo o art. 4.2 "Centros e instalacións de turismo rural". Por tanto, a xuízo deste técnico, a actividade encóntrase excluída do procedemento.

7. O proxecto presentado non contradi os **parámetros urbanísticos establecidos para este ámbito**.

8. O proxecto presentado dá cumprimento á normativa vixente en materia de **Accesibilidade** de Galicia, segundo se xustifica na memoria e documentación gráfica do proxecto.

9. O proxecto presentado dá cumprimento ao establecido no **Documento Básico Seguridade en caso de Incendios, DB-SI**, segundo se xustifica na memoria e na documentación gráfica do proxecto.


10. De acordo coa valoración levada a cabo polos servizos técnicos municipais, considérase axeitado o orzamento que figura na memoria técnica.

11. A edificación dá fronte, por unha das súas fachadas, á vía sinalada como **Vía da Prata**, a falta dunha delimitación oficial, ao seu paso polo lugar de O Foxo. Por tanto, deberáse obter, previamente á concesión de licenza municipal, autorización da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia.

12. Polo que o técnico que subscribe considera que o proxecto presentado non contradi a Normativa urbanística autonómica e municipal, polo que se **INFORMA FAVORABLEMENTE** a solicitude, de cara á concesión de licenza municipal de obra e provisional de actividade, e propón dar traslado dunha copia do expediente completo aos seguintes organismos:

- 12.1 **Servizo de Urbanismo da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia**, previos os trámites oportunos. E unha vez obtida a autorización autonómica,
- 12.2 **Dirección Xeral do Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura**, a fin de que se emita informe previo á concesión de licenza municipal."

Polo tanto:



A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes acorda dar traslado dunha copia do expediente completo aos seguintes organismos:

- **Emítase informe municipal favorable (art. 41 da LOUOGA) e remítese ó Servizo de Urbanismo da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia, previos os trámites oportunos, e unha vez obtida a autorización autonómica,**
- **Dirección Xeral do Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, a fin de que se emita informe previo á concesión de licenza municipal.**

- 8.- Licencia de primeira ocupación solicitada por Manuel García Lamazares para edificio sótano, planta baixo, 3 plantas para 6 vivendas e aproveitamento baixo cuberta para trasteiros a situar na rúa "E" nº 9 (Silleda).**

De acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, **a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes acorda:**


Visto que, pola Xunta de Goberno Local, en sesión do 27 de decembro de 2005 acorda:

"5.2.- Licencias de Obra Maior:

5.2.3.-A Xunta de Goberno Local, visto o informe técnico e carecendo o expediente de informe xurídico por non atoparse o mesmo a disposición da Secretaría antes de efectua-la correspondente convocatoria, acorda por unanimidade:

1º.- Salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro, conceder a licencia que se solicita nos termos que se expresan a continuación:

- a) **NOME OU RAZÓN SOCIAL DO PROMOTOR:** Dº MANUEL GARCÍA LAMAZARES e outros, con domicilio na parroquia de Laro, nº 29 (Silleda).
- b) **FINALIDADE DA ACTUACIÓN E USO Ó QUE SE DESTINARÁ:** Construcción de edificio de planta soto, planta baixa, tres plantas altas para 6 vivendas e planta baixo cuberta. Proxecto básico aprobado polo Colexio Oficial correspondente en data 15 de setembro de 2005.
- c) **SITUACIÓN E EMPRAZAMENTO DAS OBRAS:** Rúa E, s/n (Silleda).
- d) **TÉCNICO AUTOR DO PROXECTO E DIRECTOR DAS OBRAS:** Arquitecto Dº José Luis Varela Varela.



- e) *CONTÍA NA QUE SE ORZAN AS OBRAS: 290.023,14 €*
- f) *CONDICIONANTES: Os definidos no proxecto técnico, e os especificados no informe do asesor técnico municipal, de data 29 de novembro de 2005, no que se sinala:*

"1º.- Condiciónase o outorgamento da licencia de obras á presentación, por parte do promotor, dunha declaración, baixo a súa responsabilidade, de que se vai a efectuar a reposición total de tódolos servizos urbanos danados como consecuencia das obras realizadas no casco urbano, de acordo coas disposicións técnicas dos servizos municipais (neste caso os existentes no entorno).

2º.- Prazo de inicio e finalización das obras: De acordo co determinado no PXOM de Silleda, a licencia caducará ós 6 meses da súa outorgación, caso de non dar comenzo as obras. Poderá prorrogarse por un prazo igual ó anterior, de acordo co establecido no Decreto 28/99, do 21 de xaneiro, as obras finalizarán no prazo de tres anos, non podendo interromperse por un prazo superior a seis meses.

3º.- Condicións para a ocupación da vía pública:

Toda ocupación da vía pública con casetas, materiais, contenedores, maquinaria ou outros elementos afectos a unha obra, deberá contar necesariamente coa autorización administrativa.

a- Esta autorización deberá solicitarse conxuntamente coa licencia de obra, cando se prevea con antelación, mediante especificación na memoria.

b- No caso de que non poidera solicitarse conforme se prevé no párrafo anterior, deberá presentarse solicitude separada na que deberán especificarse tódolos datos necesarios para a súa localización e demais requisitos esixidos nesta Ordenanza. Neste caso a solicitude presentarse antes do inicio das obras e non poderá entenderse concedida ata que non se notifique resolución expresa ó efecto.

A ubicación das ocupacións a que se refire este capítulo deberá estudiar-se a fin de que sexa un emprazamento estratéxico que minimize a súa incidencia no entorno, aproveitando inevitablemente as zonas que non son utilizadas para o tráfico rodado e coa menor perturbación ó tránsito peónil. Así mesmo, deberá preverse que a ocupación se produza polo mínimo tempo

posible e na dimensión axeitada para servir a seu obxecto, poidendo, neste punto, ser obxecto de inspección municipal, quen informará sobre a súa adecuación ou non ó obxecto de que o Concello poida ordear o levantamento daquelas ocupacións que se atopen sobredimensionadas ou sexan innecesarias.

Unha vez finalizada a ocupación procederase á limpeza das zonas ocupadas e á reposición de calquer dano que poidera haberse causado sobre os pavimentos ou servicios afectados.

Non se permitirá o almacenamento de materiais nin medios auxiliares máis tempo do estrictamente necesario para a súa utilización ou posta en obra.

Ó finalizar a xornada de traballo, deberanse retirar ou, si se autorizou expresamente para elo, verter en contenedores axeitados tódolos acopios procedentes do vaciado de zanxas e escombros, deixando a zona ocupada en estado de orde e limpeza axeitada.

Tódolos materias e acopios que non estean debidamente apilados ou depositados en contenedores, serán retirados da vía pública.

Tódolos elementos cos que se ocupa a vía pública son responsabilidade do titular da licencia, quen responderá do seu correcto estado de uso, mantemento e retirada.

Todo elemento que altere nalgunha medida a superficie vial suporá un obstáculo que haberá de ser debidamente protexido con vallas.

Durante as horas en que non se estea traballando, de noite e nos fines de semana ou festivos, a obra e os elementos anexos á mesma, deberán quedar en perfectas condicións para evitar accidentes e danos materiais ou persoais. A tal fin, sinalizaráanse convenientemente con sinais de tráfico normalizadas, carteis e luminarias. Así mesmo procederáse ó tapado das zanxas cos materiais axeitados en función da súa localización, accesibilidade e dimensión.

O Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda, no seu artigo 199.11, establece as seguintes condicións para o Valado de Obras:

- 1) En toda obra de nova planta ou de derribo e nas de reforma ou conservación que afecten ás fachadas, haberá de colocarse unha valla de protección de 2 m. de altura, como mínimo, de materiais que*

ofrezan seguridade e conservación decorosa e situada á distancia máxima de 2 m. da aliñación oficial. En todo caso deberá quedar na beirarrúa un paso libre de 0,60 m. de ancho para peóns.

2) Si coa aplicación das condicións anteriores resultara un ancho inferior a un metro dentro da valla, ou cando por circunstancias especiais non se faga aconsellable a aplicación de ditas normas, o técnico municipal correspondente fixará as características da valla, poidendo ordenar a súa desaparición total no momento no que terminen os traballos indispensables na planta baixa, continuando as obras nas plantas superiores, previa a colocación de andamio de protección que permita o tránsito pola beirarrúa e ofrezga as debidas seguridades para a circulación na vía pública. En casos especiais en que polo técnico municipal se considere indispensable, poderán adoptarse medidas de carácter extraordinario.

3) Non se consentirá cubrir o espacio da vía pública limitado pola valla.


4) Cando as obras ou instalacións poidan supoñer, en si mesmas ou na súa montaxe, un perigo para os viandantes, esixirase durante as horas de traballo a colocación na rúa dunha corda ou palenque cun operario que advirta do perigo. Cando as características do tránsito o aconsellen, poderá limitarse o traballo a determinadas horas.

5) Nas zonas en que sexa obrigatorio o retranqueo, a valla colocarse na aliñación oficial. Non será obrigatoria cando estea construído o cerramento definitivo.

6) Será obrigatoria a instalación de luces de sinalización con intensidade suficiente en cada extremo ou ángulo saínte das vallas.

7) A instalación de vallas enténdese sempre con carácter provisional en tanto dure a obra. Por elo dende o momento en que transcurra un mes sin dar comezo as obras, ou estean interrompidas, deberá suprimirse a valla e deixar libre a beirarrúa ó tránsito público.

OUTRAS SITUACIÓNS:



1.- Instalación de contenedores para acopio e retirada de escombros.

Os contenedores para a recollida de escombros procedentes de obras, suxeitaranse en todo momento ás seguintes condicións:

a- Deberán colocarse nas beirarrúas, entre os alcorques das árbores, onde existan, e deixando libre como mínimo un paso de 1,50 m., ou nas calzadas, en zonas de aparcadoiros permitidos, de modo que non sobresalgan en dita zona e non sexan un obstáculo que entorpeza a libre circulación dos vehículos, de acordo co disposto no artigo 39 do Código de Circulación. Do mesmo xeito deberá sinalizarse convenientemente o contenedor pola súa conta, de acordo co establecido nos artigos 41 e 54 do Código de Circulación.

b- As manobras para deixada e recollida dos contenedores, deberán realizarse do modo previsto no Código de Circulación, sin causar molestias ó tráfico e quedando totalmente prohibida a colocación ou recollida de contenedores de 8:00 a 14:00 horas e de 16:00 a 20:00 horas, salvo que polo Concello se dispoña outra cousa.


c- En cada contenedor deberá figurar indicativo de pertenza á empresa propietaria do mesmo que deberá coincidir coa titular da autorización municipal ou, no caso de non selo, baixo tutela e responsabilidade directa de aquela.

d- Para as solicitudes de autorización de instalación de contenedores deberase presentar:

- Fotocopia do carné de identidade do solicitante ou representante da empresa.*
- Memoria descritiva do tipo de ocupación que se vai a realizar.*
- Plano de situación acotado e con indicación dos elementos de mobiliario urbano existentes na área de influencia da ocupación.*

As autorizacións de instalación dos contenedores poderán ser anuais, debendo solicitar o interesado, si o desexa, a renovación da mesma cunha antelación mínima de dous meses respecto ó vencemento da dita autorización.

e- Para responder dos danos que se poideran ocasionar, o interesado



deberá depositar unha fianza de 120,00 € por contenedor, que deberá repoñer ou completar, cando se minore dito depósito en virtude de indemnizacións e elo no prazo de 48 horas a contar dende a notificación, co obxecto de manter íntegra a súa garantía durante a vixencia do contrato, sempre que non se dispoña outra cousa na Ordenanza Fiscal correspondente ou mediante Convenio suscrito entre a Administración e os interesados.

2.- Instalación de grúas-torre e similares:

Para a solicitude de autorización de instalación de grúas-torre e similares deberase presentar:


- a) Memoria descriptiva de la instalación y planos de situación y emplazamiento acotados y a escala suficiente para comprobar la situación real de los elementos de la instalación y el estado de la vía pública. Se incluirá Informe de las condiciones portantes del terreno bajo la grúa firmado por el técnico-director de la obra.*
- b) Justificación de la existencia de seguro de responsabilidad civil por parte de la empresa instaladora que cubra el riesgo correspondiente (fotocopia póliza riesgo).*
- c) Certificado de homologación (o en su caso fabricación) o inspección técnica de la grúa.*
- d) Certificado de montaje de la grúa que se pronuncie sobre, al menos, estos aspectos:*

1- Datos de la obra e instalación: Situación (calle-lugar, número y población), propietario de la grúa (nombre, DNI/CIF y nombre y DNI del Jefe de Obra).

2- Características de la grúa-torre: Marca, tipo, año de fabricación y número de fabricación.

3- Certificación, del director de los trabajos de montaje e instalación, de que la grúa cumple con las disposiciones legales vigentes que le son de aplicación.

4- Certificado, del director de los trabajos de montaje e instalación, del correcto funcionamiento de la grúa y sus



dispositivos de seguridad.”

- g) **PRAZOS PARA O INICIO E TERMINACIÓN DAS OBRAS:** De acordo co determinado no PXOM de Silleda, a licencia caducará ós 6 meses da súa outorgación, caso de non dar comenzo as obras. Poderá prorrogarse por un prazo igual ó anterior, de acordo co establecido no Decreto 28/99, do 21 de xaneiro, as obras finalizarán no prazo de tres anos, non podendo interromperse por un prazo superior a seis meses.
- h) **OUTROS:**
-Deberá colocar en lugar visible o cartel de obras de 1x 0,70 metros cos seguintes datos: obra a realizar, promotor, situación, arquitecto, aparellador, nº de licencia e data da licencia, e debendo cumprir coas condicións xerais e particulares establecidas na correspondente ordenanza. Nº de Licencia 4293/05


2º) *Aprobar a liquidación de taxas e imposto sobre construcións que ascende a 21,04 e 6.525,52 € que deben ser ingresadas previamente nas arcas municipais.”*

Visto o escrito presentado por Don Manuel García Lamazares en representación da sociedade PROMOTORA GARCÍA DOBARRO, C.B., de data 19 de agosto de 2011, (Rexistro de Entrada no Concello nº 3973, de data 16 de setembro de 2011), solicitando licencia de primeira ocupación para edificio sótano, planta baixa, 3 plantas para 6 vivendas e aproveitamento baixo cuberta para trasteiros a situar na rúa “E” nº 9 (Silleda)

Visto que pola Alcaldía dase conta do informe técnico, de data 09 de abril de 2012, emitido polo asesor técnico Arquitecto Martín Pereiras Corzón (Nº de Colexiado 4236) como asesor técnico do Concello, a petición e por encargo da alcaldía, que considera favorable e que literalmente dí:

“


Solicitante	Manuel García Lamazares		
Data de rexistro	16/09/2011	Nº 3973	Data escrito 16/09/2011
Obra	Edificio de sótano, planta baixa, 3 plantas para 6 vivendas e aproveitamento baixo cuberta para trasteiros.		
Tipo de obra	Maior		
Emprazamento	Rúa “E” nº 9 - Silleda		



<i>Referencia Catastral</i>	
<i>Autor do Proxecto</i>	<i>José Luis Varela Varela</i>
<i>Proxecto</i>	<i>Execución. Visado polo Colexio Oficial</i>
<i>Dirección de Obra</i>	<i>José Luis Varela Varela. Arquitecto</i>
<i>Oficio de Dirección</i>	<i>Execución. Visado polo Colexio Oficial</i>
<i>Dirección de Execución</i>	<i>D.J. Mario Barreira Cuñarro. Arquitecto Técnico</i>
<i>Oficio Direc. Execución</i>	<i>Execución. Visado polo Colexio Oficial</i>

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- 1.1 TRLS/2008 (RDLex. 2/2008, do 20 de xuño, Texto Refundido da Lei do Solo).
- 1.2 LOUGA (L.9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación urbanística e Protección do medio rural de Galicia).
- 1.3 Lei 15/2004, da Lei 15/2004, do 29 de decembro
- 1.4 Lei 6/2007, do 11 de maio, de Medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia.
- 1.5 Lei 6/2008, do 19 de xuño, de medidas urxentes en vivenda e solo.
- 1.6 Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da L.9/2002
- 1.7 Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental.
- 1.8 RXU (D.3288/1978, do 25 de agosto, Regulamento de Xestión urbanística).
- 1.9 RPU (D.2159/1978, do 23 de xuño, Regulamento de Planeamento urbanístico).
- 1.10 Lei 8/1995, de 30 de outubro, de Patrimonio Cultural de Galicia.
- 1.11 Lei 16/1985, de 25 de xuño, Patrimonio Histórico español.
- 1.12 Decreto 199/1997, de 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica en Galicia.
- 1.13 Decreto 28 1999, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do solo de Galicia
- 1.14 R.D. 2187/1978, de 23 de junio de 1978. Reglamento de Disciplina Urbanística para desarrollo de Ley sobre Régimen del Suelo y Ordenación Urbana.
- 1.15 Planeamento do Concello de Silleda
 - 1.15.1 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda. Aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981.
 - 1.15.2 M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprob. def. o 22/10/1991
 - 1.15.3 M.P. PXOU na Zona Antiga Feira (apartados 2 e 3). A.def. o 11/05/1995
 - 1.15.4 M.P. PXOU en Bandeira, reduccion do ancho Rua Num 5 (apartado 2). A.def. o 11/05/1995



- 1.15.5 M.P. PXOU na zona do Centro de Saude. A.def. o 07/03/2002
1.15.6 M.P. PXOU na Ordenanza Reguladora do SUP (ART 78). A.def. o 07/03/2002
1.15.7 M.P. PXOU na zona Feira Internacional. A.def. o 08/04/2002
1.15.8 .P. Parque Empresarial Área 33. A.def. o 22/10/1981
1.15.9 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial Área 33. A.def. o 07/03/2002
1.15.10 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. A.def. o 27/03/2007
1.15.11 E.D. Rua Butano. A.def. o 26/01/1984
1.15.12 E.D. Calello da Feira. A.def. o 26/01/1984
1.15.13 E.D. Esquina Avenida do Parque. A.def. O 26/01/1984
1.16 Concordantes

ASUNTO: *Solicitud de Licenza de Primeira Ocupación interesada por D. Manuel García Lamazares, segundo escrito de data 19 de Agosto de 2011, Rexistro de Entrada N° 3973 de 16/09/11, para o edificio de sótano, planta baixa, 3 plantas para 6 vivendas e aproveitamento baixo cuberta para trasteiros sito na Rua "E" n° 9, Silleda.*

Emítase o presente informe en base ao artigo 195.2 e 195.6 da Lei 9/2002, do 30 de Decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e posteriores modificacións, do artigo 12.2 do Decreto 28/1999, do 21 de Xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do solo de Galicia; e en base ao requirido verbalmente e con carácter urxente polo Concelleiro de Urbanismo deste Concello.

INFÓRMASE:

1 Autor do informe:

Martín Pereiras Corcón. Arquitecto Colexiado número 4236.

2 Antecedentes:


A Xunta de Goberno Local acordou en sesión de data 24 de outubro de 2005, conceder a licenza urbanística da obra arriba indicada, en base ao Proxecto básico e de execución para a construción de Edificio de planta sótano, planta baixa, 3 plantas para 6 vivendas e aproveitamento baixo cuberta para trasteiros sito na Rúa "E" n° 9, Silleda, redactado polo arquitecto José Luís Varela Varela e visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia en datas 15 de setembro de 2005. Incorporárase posteriormente documentación sen visar, da que non consta escrito nin rexistro de entrada.

Constan no expediente relativo á concesión da licenza de obra da edificación arriba indicada, entre outra documentación, o informe técnico. Non consta o informe xurídico.

Sen prexuízo da falta de indicación expresa dos planos definitivos polos que se concedeu a licenza indicada, constan no expediente os seguintes planos:



<i>nº</i>	<i>nome</i>	<i>visado</i>		
1	<i>situación</i>	15.09.2005		
2	<i>emprazamento</i>	15.09.2005		
3	<i>Replanteo</i>	15.09.2005		
4	<i>Cimentación</i>	15.09.2005		
5	<i>Estructura Techo Sótano (I)</i>	15.09.2005		
6	<i>Estructura Techo Sótano (II)</i>	15.09.2005		
7	<i>Estructura Techo Planta Baixa</i>	15.09.2005		
8	<i>Estructura Techo Planta 1</i>	15.09.2005		
9	<i>Estructura Techo Planta 2</i>	15.09.2005		
10	<i>Estructura Techo Planta 3</i>	15.09.2005		
11	<i>Estructura Techo Planta Bajo Cubierta</i>	15.09.2005		
12	<i>Detalle de Estructura (I)</i>	15.09.2005		
13	<i>Detalle de Estructura (II)</i>	15.09.2005		
14	<i>Sótano. Distribución Cotas y Superficie</i>	15.09.2005		
15	<i>Sótano. Saneamiento, P. a Tierra y C.P.J.</i>	15.09.2005		
16	<i>Planta Baja: Cotas y Superficie</i>	15.09.2005		
17	<i>Planta Baja: Electricidad, Fontanería y C.P.J.</i>	15.09.2005		
18	<i>Plantas 1 y 2: Cotas y Superficies.</i>	15.09.2005		
19	<i>Planta 1 y 2: Distribución y Carpinterías</i>	15.09.2005		
20	<i>Planta 1 y 2: Fontanería y Saneamiento</i>	15.09.2005		
21	<i>Planta 1 y 2: electricidad y C.P.I.</i>	15.09.2005		
22	<i>Plantas 3: Cotas y Superficies.</i>	15.09.2005		
23	<i>Planta 3: Distribución y Carpintería</i>	15.09.2005		
24	<i>Planta 3: Fontanería y Saneamiento</i>	15.09.2005		
25	<i>Planta 3: electricidad y C.P.I.</i>	15.09.2005		
26	<i>Bajo cubierta: Cotas, Superficies y carpinterías</i>	15.09.2005		
27	<i>Bajo Cubierta: electricidad y C.P.I.</i>	15.09.2005		
28	<i>Esquema Unificar</i>	15.09.2005		



29	Planta de Cubierta	15.09.2005		
30	Sección A-A	15.09.2005		
31	Alzados	15.09.2005		
32	Memoria de Carpintería	15.09.2005		
33	Detalle de Chimeneas	15.09.2005		
34	Detalle Constructivo	15.09.2005		

Xunto co escrito de data 16 de setembro de 2011, Rexistro de Entrada Nº 3973, polo que se solicita licenza de 1ª ocupación, foi aportada a seguinte documentación:

CERTIFICADO FINAL DE OBRA

Asinado polos técnicos directores da obra (arquitecto don José Luís Varela Varela e arquitecto técnico don José Mario Barreira Cuñarro) en data 03 de decembro de 2010 e visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia en data 25-abril-2011.

ACTA DE REPLANTEO E DE COMEZO DE OBRA

Asinado polos técnicos directores da obra (arquitecto don José Luís Varela Varela e arquitecto técnico don José Mario Barreira Cuñarro), o constructor Pereiro y Campos S.L. e o promotor, García Dobarro, CB. en data 2 de Agosto de 2006 e visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia en data 19-Abril-2011.

LIQUIDACIÓN FINAL DE OBRA EXECUTADA:

Asinado polos técnicos directores da obra (arquitecto don José Luís Varela Varela e arquitecto técnico don José Mario Barreira Cuñarro) en data 03 de Decembro de 2010 e visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia en data 19-Abril-2011; por un importe de **290.023,14 Euros**.


ACTA DE RECEPCIÓN DE EDIFICIO TERMINADO:

Asinado por Manuel García Lamazares como promotor; José Luís Campos Novo, en representación de Pereiro y Campos S.L. como constructor do edificio; polos técnicos directores da obra (arquitecto don José Luís Varela Varela e arquitecto técnico don José Mario Barreira Cuñarro); sen asinar polo representante da O.C.T. María Josefa Álvarez Martínez. Datado en Silleda a 16 de xuño de 2011 e visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia en data 19-Abril-2011.

BOLETÍNS-CERTIFICADOS ASINADOS POLOS INSTALADORES DE:

Boletín de instalación de Eléctrica realizado por Luís Cornado, S.L., empresa instaladora eléctrica nº PO. 868, asinado o 09 de marzo de 2009.
Boletín Instalación de Auga realizado por Manuel Ferradas Varela, Instalador de Fontanería nº Fo 095 PO, asinado o 26 de maio de 2008.

En data 4 de decembro de 2009, R.E. 5872, foi aportada a seguinte documentación:



Certificado de cumprimento de cumprimento da Lei 7/1997 de Protección contra a contaminación acústica de Galicia e Disposicións regulamentarias de desenvolvemento.

3 Consideracións técnicas:

Ao abeiro do artigo 195.6: "Para outorga-la licenza de primeira ocupación de edificacións esixírase certificado final de obra de técnico competente no que conste que as obras están completamente terminadas e se axustan á licenza outorgada e a previa visita de comprobación dos servizos técnicos municipais."

Por outra parte, segundo o artigo 5 da Lei 7/97, de Protección de contra a contaminación acústica de Galicia e Disposicións regulamentarias de desenvolvemento: A partir da presentación do correspondente certificado de fin de obra, o Concello comprobará o cumprimento das prescricións establecidas neste título. Tal cumprimento poderá acreditarse mediante certificación expedida por empresas ou entidades homologadas. Sen o informe favorable sobre o cumprimento dos requisitos acústicos esixidos non se concederá a licenza de primeira utilización.

a) Documentación aportada

Consta no expediente o certificado final de obra suscrito polos técnicos directores da mesma, documento aportado en data 02 de Decembro de 2010, visado polo C.O.A.G. en data 25 de Abril de 2011, polo tanto, a edificación obxecto deste informe estaría rematada.

b) Proxecto técnico obxecto da licenza urbanística de construción de data 19/08/2008:

Á vista do exposto no apartado anterior, o técnico que suscribe estima que podería outorgarse a licenza de 1º ocupación do edificio, basándose no certificado final de obra suscrito polos técnicos da mesma e unha vez realizada e contrastada a visita de comprobación.

4 Visita de comprobación:

En base a visita de comprobación realizada o xoves 29 de Marzo de 2012, constatouse que a presente obra axustase a documentación presentada polos técnicos, como se pode observar na reportaxe fotográfica presentada como anexo a este informe.

5 Conclusións:

En Silleda, a 12 de abril de 2012."

A Xunta de Goberno Local de conformidade co informe técnico, por unanimidade dos presentes, acorda:

PRIMEIRO. Conceder a licenza de primeira ocupación do edificio sito na rúa "E"

nº 9 (Silleda) que consta de sótano, planta baixa, 3 plantas para 6 vivendas e aproveitamento baixo cuberta para trasteiros. a favor de Manuel García Lamazares, titular da licenza de obras n.º 4293/05 concedida a Manuel García Lamazares por acordo da Xunta de Goberno Local de data 27 de decembro de 2.005.

SEGUNDO. Que por intervención se proceda a liquidación definitiva da taxa por tramitación de licencias, practicada conforme á Ordenanza Reguladora da Taxa por Outorgamento de Licencia de Primeira Ocupación de Edificios, que deberá ser ingresada previamente nas arcas municipais.

TERCEIRO. Notificar a presente resolución ó interesado.

9.- Escrito do Organismo Autónomo Local “Turismo Rías Baixas”

De acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, a **Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes acorda:**

Visto que polo Concelleiro de Cultura, Matías Rodríguez da Torre, dase conta do escrito remitido polo Secretario do Organismo Autónomo Local “Turismo Rías Baixas”, de data 27 de marzo de 2012, (rexistro de saída do Organismo Autónomo Local “Turismo Rías Baixas” do 27.03.12 nº 113 e rexistro de entrada nº 1823 de data 10 de abril de 2012), dando traslado do acordo adoptado polo Consello Reitor do Organismo Autónomo Local “Turismo Rías Baixas” en sesión celebrada o pasado día 23 de marzo de 2012, de concesión de subvencións para Bolsas de Colaboración en Oficinas de Turismo da Provincia para o ano 2012, correspondéndolle a este concello:

Beneficiario	Nº Bolsas	Horas dos Bolseiros	Importe Hora	Cantidade Seguridade Social	Orzamento Total	Subvención 50%
Concello de Silleda	1	1050	7,5	241,57 €	8.116,57 €	4.058,29 €

A Xunta de Goberno Local, acorda:

1º.- Aceptar a subvención concedida.

2º.- Que se proceda a redactar as bases para a contratación de un bolseiro para



a Oficina de Turismo do Concello.

10.- Escrito da Secretaría Xeral de Cultura - Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

De acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, **a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes acorda:**

Visto que polo Concelleiro de Cultura, Matías Rodríguez da Torre, dase conta do escrito remitido polo Secretario Xeral de Cultura, de data 2 de abril de 2012, (rexistro da Xunta de Galicia do 02.04.12 nº 2012/7946 e rexistro de entrada nº 1745 de data 04 de abril de 2012), mediante o cal comunícase que unha vez establecidos os investimentos para o ano 2012 do Plan de Mellora das axencias de lectura/bibliotecas públicas municipais, este concello resultou beneficiario da seguinte axuda:

Cofinanciamento das adquisicións
Coantía: 125 €

estando condicionada esta concesión a aceptación por escrito ante do 20 de abril do compromiso de participación no financiamento das adquisicións.


A Xunta de Goberno Local, acorda:

Aceptar a subvención concedida.

11.- Programa de Prevención do Abandono Escolar 2012.

De acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, **a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes acorda:**

Visto que polo Concelleiro de Cultura, Matias Rodríguez da Torre, dase conta do expediente confeccionado do "Programa de Prevención do Abandono Escolar 2012", como programa de prevención e redución do abandono escolar, en referencia coa Orde do 1 de marzo de 2012 da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria pola que establecen as bases e se convocan, en réxime de concorrencia competitiva, subvencións para dito fin.



A Xunta de Goberno Local, acorda:

Solicitar da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria unha subvención para o “Programa de Prevención do Abandono Escolar 2012” elaborado pola concellería de Cultura, cun orzamento IVE incluído:

Nº	ACTIVIDADE	CUSTO 100%	CUSTO 80%
1	Obradoiro dirixido ás familias: Axudando aos meus fillos a aplicar as técnicas de estudo e aproveitamento das novas tecnoloxías no fogar.	4.500 €	3.600 €
2	Aula de reforzo educativo de verán con apoio das novas tecnoloxías.	11.610 €	9.288 €
3	Obradoiro de iniciativas emprendedoras a través das TICS dirixido á mocidade de 16 a 24 anos.	9.030 €	7.224 €

12.- Decreto de data 11 de abril de 2012 de aprobación dos Estatutos da Entidade Urbanística de Conservación da actuación denominada “Polígono Industria Área 33”

Pola Sra. Alcaldesa-Presidenta dase conta do seguinte Decreto da Alcaldía do 11 de abril de 2012:

“DECRETO

DONA PAULA FERNÁNDEZ PENA, Alcaldesa do Concello de Silleda, en virtude das atribucións que me confire o Artigo 21.f da Lei 7/1985 de 2 de Abril. Reguladora das bases do Réxime Local,

Visto que no BOP de Pontevedra nº 239 de data 10 de Decembro de 2008 consta anuncio do Concello de Silleda no que se indica que a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o día 14 de Novembro de 2008 acordou aprobar inicialmente os Estatutos polos que se rexe a Entidade Urbanística de Conservación da Actuación denominada “Polígono Industrial Area 33”, publicándose asimismo o texto íntegro dos estatutos.

Visto que no BOP de Pontevedra nº 56, de data 24 de Marzo de 2009 consta anuncio do Concello de Silleda no que se indica que con data 10 de decembro de 2008 publicouse no BOP de Pontevedra nº 239 aprobación inicial dos Estatutos



polos que se rexe a Entidade Entidad Urbanística de Conservación da Actuación denominada "Polígono Industrial Area 33" de Silleda; que durante o período de exposición pública presentáronse alegacións por parte do Xerente de Xestur Pontevedra S.A. polo que a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o día 12 de Febreiro de 2009, acordou por unanimidade a modificación do artigo 10.6 dos mencionados estatutos, procedéndose á publicación de tal modificación.

Visto que, unha vez observado o defecto de falta de notificacións individualizadas, en Xunta de Goberno Local - en sesión extraordinaria de data 20 de Outubro de 2010- acórdase por unanimidade notificar de forma individualizada a tódolos propietarios que aparecen recollidos no Anexo I dos Estatutos, para que no prazo de quince días contados a partir da notificación, estos poidan formular ante a Administación actuante as alegacións oportunas.

Visto que unha vez realizadas as notificacións individuais, emítese certificado pola Secretaria Xeral do Concello no que se recolle, no referente ás notificacións individualizadas "...no constan a día de hoxe presentadas alegacións no rexistro xeral do concello unha vez consultado, e no expediente entregado a esta secretaria."

Visto, en consecuencia, que aprobado inicialmente o procedemento de constitución da Entidade Urbanística de Conservación, de conformidade co artigo 21.1.j) da Ley Reguladora de Bases de Réxime Local; e sometido a información pública xunto cos Estatutos, de conformidade co artigo 162.3 del Reglamento de Gestión Urbanística,

RESOLVE:

1º.- Avoca-la competencia, previamente delegada na Xunta de Goberno Local, por Decreto de data 4 de Xullo de 2011 para o caso específico que nos ocupa, de conformidade co artigo 14 da Lei 30/92 de Réxime Xurídico e Procedemento Administrativo Común, a causa da inconveniencia de demorala a súa aprobación ata unha próxima sesión da Xunta de Goberno Local.

2º. Aprobar definitivamente a constitución e os Estatutos da Entidade Urbanística de Conservación da Actuación denominada "Polígono Industrial Area 33"

3º. Publicar a presente Resolución no Boletín Oficial de la Provincia, expresando, se houbera, as modificacións introducidas nos Estatutos.

4º. Notificar individualmente aos propietarios afectados, e a os que compareceran no expediente.

5º. Requerir aos propietarios interesados para que constitúan a Entidade Urbanística de Conservación mediante Escritura pública na que se designen os cargos da mesma, copia, en duplicado exemplar, da que deberá de remitirse ao

Concello para a súa aprobación, se procede, e a súa posterior remisión ao rexistro de Entidades Urbanísticas Colaboradoras obrante na Consellería competente en materia de ordenación urbanística, para a súa inscrición, conforme ao disposto no artigo 163.7 Real Decreto 3288/1978, de 25 de agosto, polo que se aproba o Regulamento de Xestión Urbanística para Desenvolvemento e Aplicación da Ley sobre Régimen del Suelo y Ordenación Urbana.

6º. Dar traslado da presente resolución á Xunta de Goberno Local e ó Pleno da Corporación na próxima sesión que se celebre.

Silleda, a 11 de Abril de 2012

*A Alcaldesa-Presidenta
Paula Fernández pena
(Asinado)*

*Dou fe, A Secretaria Xeral
(Art. 2 RD 1174/87, de 18 de Sept)
Cristina Alonso Losada
(Asinado)”*

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Sra. Alcaldesa levántase a sesión as catorce horas e vinte minutos, extendéndose a presente acta, do que como secretaria xeral, dou fe e certifico.

Silleda, a 12 de abril de 2012.

Vº e Prace
A ALCALDESA,

Asdo. Paula Fernández Pena

Dou fe. A secretaria xeral

Asdo. Cristina Alonso Losada

